

A forza da utopía

LiX F. Castro ensaia unha ficción ecoloxista no seu *O ceo dos afogados*

O ceo dos afogados ·

Francisco Castro ·

Xerais, 2006 ·

192 páx · 12 euros



Das palabras do poeta rianxeiro Manuel Antonio válese Francisco Castro para titular a súa última contribución á literatura para mozos e mozas, *O ceo dos afogados*, como se vale tamén dos desastres naturais causados pola especie humana para ensarillar o enxeñoso argumento da novela, unha ficción ecoloxista pouco ensaiada ata o de agora polos autores galegos. A obra, finalista do segundo Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, eríxese así nunha sorte de utopía da natureza, na que os golfinhos, concentrados en doce puntos diferentes do planeta e emitindo constantemente os mesmos sons, lideran unha revolución tan silandeira coma misteriosa por un motivo que só entenderán uns poucos e que o lectorado irá descubrindo paseniñamente.

Alén desta tensión perfectamente fiada, a novela acerta ao construírse dende diferentes voces e visións narrativas –o que semella dotala dunha maior obxectividade e dun multiperspectivismo moi necesario para o tema– e, so-

bre todo, ao colocar no lugar protagonista a Jonathan. Este mozo de quince anos, cun síndrome descoñecido que lle dificulta a comunicación coas persoas e que o dota dunha especial capacidade para comprender aos animais, é un novo Mowgli destinado a axudar os delfíns na súa loita. A súa figura eríxese nun exemplo de respecto e comprensión cara ao mundo animal e o mundo natural e nunha pacífica arma contra a soberbia humana, pois se algo nos ensina Castro nestas liñas é que cómpre escoitar todos os seres vivos que nos arrodean, mais tamén ás persoas que se saen do canon prefixado pola sociedade.

Non obstante, o sentido d'*O ceo dos afogados* vai máis alá, pois a súa denuncia non se centra unicamente no desleixamento polo planeta, senón tamén na insensibilidade que amosan determinados seres nalgúns situacións, no mercantilismo que propugnan numerosas empresas e no silencio e a confusión que emanan os medios de comunicación ante cuestións de interese xeral. O pouso que fica desta obra deixa entrever que, a forza, digan o que digan, segue a estar nos que maxinan e pulan pola utopía.

// M. P. P.